

ACORDO POLO QUE SE AMPLÍA O PRAZO PARA FORMULAR ALEGACIÓNS Á LISTA DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS RELATIVA Á ORDE QUE REGULA O PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DA ACREDITACIÓN E AXUDAS AOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

A Orde do 24 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, da acreditación da excelencia (científica, técnica ou artística) e das axudas para a estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas no marco do Programa de Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2023 establece no artigo 11 o prazo de 10 días para a presentación de alegacións á lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas.

Con data 19 de decembro de 2023 publicouse, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal>), a lista provisional de admitidos e excluídos.

A data de fin do prazo de presentación de alegacións a esta lista é o 4 de xaneiro de 2024.

No artigo 11 da orde que regula as bases da convocatoria dispónse que o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión destas axudas é a Secretaría Xeral de Universidades.

De conformidade co establecido no artigo 32 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e debido á complexidade da documentación que deben presentar as entidades solicitantes, esta Secretaría Xeral de Universidades

DISPÓN

A ampliación do prazo de presentación de alegacións á lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas ata o día 11 de xaneiro de 2024.

Contra este acordo de ampliación de prazo non cabe recurso, de acordo co disposto no artigo 32.3 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral de universidades

José Alberto Díez de Castro

